



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Asunto: Consulta pública previa sobre o regulamento de funcionamento interno do Consello Local de Infancia e Adolescencia do Concello de Val do Dubra.

Expediente: 2025/X998/000032

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do regulamento de funcionamento interno do Consello Local de Infancia e Adolescencia, debe realizarse unha **consulta pública**, a través do portal web do Concello, na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- Os obxectivos da norma
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, formúlase a seguinte consulta:

Prazo e lugar para facer chegar as opinións	Prazo: Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos nesta consulta, durante 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste anuncio. Lugar: 1) a través da sede electrónica, cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta na elaboración do texto normativo; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais, no seu horario de apertura.
Problemas que se pretenden solucionar	Preténdese dar solución aos seguintes problemas: a inexistencia dunha canle de comunicación entre os nenos e o goberno local para que poidan achegar propostas sobre os problemas que lles afectan, a falta de sensibilización da sociedade sobre a importancia de que os nenos e adolescentes teñen voz e capacidade de decisión nos asuntos que lles afectan e a falta de difusión dos contidos da Convención sobre os Dereitos do Neno.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	Resulta de especial relevancia para este concello acometer esta aprobación normativa para poder regular o funcionamento interno do novo Consello Local da Infancia e Adolescencia, creado na sesión plenaria de data 16.06.2025.
Obxectivos da norma	O regulamento do CLIA de Val do Dubra establécese tendo en conta os seguintes obxectivos xerais: 1. Crear unha canle de comunicación entre as nenas, os nenos e a adolescencia do municipio e o



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Val do Dubra, naturalmente

	gobierno local. 2. Valorar as achegas realizadas pola infancia e a adolescencia en relación a temáticas ou problemas que lles afectan. 3. Propoñer ao goberno municipal medidas de actuación que garantan o benestar das nenas, dos nenos e da adolescencia do municipio. 4. Participar no seguimento e na elaboración de Plans de Infancia e Adolescencia a nivel municipal. 5. Sensibilizar ao conxunto da sociedade sobre a importancia de que as nenas, os nenos e adolescentes teñan voz e capacidade de decisión naqueles asuntos que lles afectan. 6. Difundir os contidos da Convención sobre os Dereitos do Neno, que pasamos a chamar Convención dos Dereitos da Infancia no marco do traballo do CLIA de Val do Dubra, favorecendo unha linguaxe inclusiva e non sexista. 7. Favorecer procesos locais de participación directa das nenas, dos nenos e da adolescencia do municipio. 8. Traballar de forma transversal, en todas as actuacións do CLIA de Val do Dubra, desde un enfoque integrador da igualdade entre mulleres e homes, a non violencia e o respecto á diversidade.
Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias	Despois dunha análise previa da situación, considérase que a aprobación dun regulamento sobre o funcionamento interno é a mellor solución regulatoria posible para fixar os obxectivos, funcionamento e a composición do novo órgano creado polo Pleno; non atopando outras solucións alternativas, para acadar o dito fin.

Val do Dubra, asinado dixitalmente

O alcalde
Diego Luís Díaz Méndez